

## **BASES A MIÑA AVOA \_ PORRIÑO**

1. Repártense varias entrevistas personalizadas sobre a avoa Eugenia nos establecementos asociados á campaña, pola realización dunha compra no mesmo sen importe mínimo, e cada entrevista ten oculta unha pista que nos indica o lugar onde está escondido o tesouro. Será imprescindible gardar o ticket de compra ou factura, unha vez atopado o tesouro.
2. Os lugares onde están ocultos os tesouros, son sempre lugares públicos e ao aire libre.
3. O que atopará a persoa que localice o tesouro, será unha cartolina tamaño tarxeta de visita coa mensaxe: "Parabéns, vale de 50 €".
4. Unha vez localizado o premio, a persoa ten que enviar unha foto do lugar onde atopou o premio, se queren, saíndo a persoa que fixo o descubrimento, a foto enviarase por whatsapp ao número de teléfono 639 317 255, esa foto poderá ser publicada nas redes sociais de Concello de Porriño.
5. Aos poucos días de enviar a foto, poñeranse en contacto a través de teléfono a empresa que xestiona os premios para proceder a indicarlle os pasos da aplicación pola que poderá trocar o premio.
6. Os premios de 50 €, só poderan consumirse no comercio local e hostalería de Porriño, (locais que estean asociados á campaña, pode consultar a listaxe nesta ligazón) de forma total ou parcial.
7. A data límite para gastar os premios é o 15 de xuño.
8. Participando no xogo A Miña Avoa, implica automaticamente a aceptación das bases.